

RESOLUCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS POLA QUE SE ENCOMENDA A XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A. A REALIZACIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS (ANTICIPADO DE GASTO).

1. A Axencia Galega de Infraestruturas (en adiante AXI) é unha axencia pública autonómica que se encadra dentro das entidades públicas instrumentais reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia.

Tal e como establecen os seus estatutos, a AXI está adscrita á consellería competente en materia de infraestruturas (actualmente a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade), ten personalidade xurídica propia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía na súa xestión, dentro dos límites establecidos polas leis.

Por outra parte, a empresa pública Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. (en adiante Xestur) constitúese coma unha sociedade anónima de nacionalidade española para a realización de actividades urbanísticas no territorio de Galicia.

Segundo os seus estatutos, a sociedade está adscrita á consellería con competencias en xestión e desenvolvemento de solo residencial e empresarial (actualmente a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda) e será tutelada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo nos termos previstos na lexislación aplicable.

Os seus estatutos establecen tamén que Xestur ten a consideración de medio propio e instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico que teñen a consideración de medios propios. O encargo instrumentarase a través da correspondente encomenda de xestión nos termos establecidos no artigo 50 da Lei 16/2010.

2. A Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que ten como obxecto a racionalización de todo o sector público autonómico e da actividade administrativa e a adopción de medidas dirixidas a unha maior eficiencia do gasto e a mellora da xestión do sector





público autonómico, regula baixo estes preceptos a colaboración no ámbito do sector público autonómico.

En concreto, o artigo 8 desta lei regula a autoprovisión de bens e de servizos dentro do propio sector público, segundo o cal a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público, coa finalidade do uso eficiente dos recursos públicos existentes, realizarán as tarefas de interese público que lles corresponden cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispoña o sector público autonómico.

Para estes efectos, cando os medios dos que dispoñan resulten insuficientes para o cumprimento e a realización dos seus fins institucionais, acudirán con preferencia á cooperación, colaboración e asistencia doutros órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou doutras entidades do sector público autonómico que si dispoñan dos medios dos que precisan.

O artigo 10 desta lei contempla, entre os instrumentos que articularán os principios de cooperación, colaboración e asistencia recíprocas no ámbito interno do sector público autonómico, as encomendas de xestión, acordos de colaboración ou cooperación para o desempeño de tarefas común, etc.

3. Pola súa parte, o artigo 10 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, prevé a posibilidade de encargar a realización de tarefas a entidades de dereito privado que reúnan a condición de medio propio da Administración ou entidade pública encomendante mediante resolución unilateral.

Igualmente, o artigo 32 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoxen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, regula os encargos dos poderes adxudicadores a medios propios personificados.

Xestur, como xa se indicou con anterioridade, e de conformidade cos seus estatutos, ten a condición de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico que teñen a consideración de medios propios.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE

INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tel.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
Correo-e: civ.infraestruturas@xunta.es



galicia

4. En base ao exposto, para os traballos obxecto desta encomenda rexerá polo tanto, para a súa xestión, como xa se indicou, a regulación contemplada na Lei 16/2010, do 17 de decembro, en concreto, nos seus artigos 10 e 47 e seguintes, e no artigo 32 da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

Por todo o anterior,

RESOLVO:

Encomendar a Xestión do solo de Galicia-Xestur, S.A. a realización de traballos técnicos para a Axencia Galega de Infraestruturas de conformidade coa memoria xustificativa, co prego de prescripcións técnicas e co orzamento que acompañan á presente encomenda e conforme ás seguintes condicións:

1. Constitúe o obxecto da presente encomenda a realización dos traballos de apoio técnico á Axencia Galega de Infraestruturas no desenvolvemento daquelas tarefas nas que a experiencia acumulada por Xestur na execución de obras permita complementar o traballo de persoal da Axencia Galega de Infraestruturas. En concreto, estas tarefas focalizaranse nos seguintes ámbitos:

- determinación e programación das actuacións derivadas dos diferentes instrumentos de planificación da Axencia Galega de Infraestruturas.

- elaboración de estudos, informes, proxectos, inspección, execución de actuacións e dirección de contratos competencia da Axencia Galega de Infraestruturas.

2. O traballo realizarase conforme ás indicacións da Axencia Galega de Infraestruturas.

Para tales efectos, procederase ao nomeamento dun director técnico por parte da Axencia que exercerá a dirección e coordinación técnica no desenvolvemento das accións obxecto desta encomenda.

3. Xestión do Solo de Galicia-Xestur aportará o persoal técnico preciso para a execución dos traballos encomendados, persoal que dependerá exclusivamente de Xestur, que terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador, sendo a entidade encomendante allea as anteditas relacións laborais.





Xestur aportará igualmente os medios que sexan necesarios e suficientes para a execución da encomenda, os cales quedarán adscritos de modo estable e exclusivo ao desenvolvemento dos traballos durante a vixencia da presente encomenda.

4. O prazo de execución será de 12 meses contados a partir do día 1 de xaneiro de 2019.

5. O importe total da realización das actividades obxecto da presente encomenda de xestión por parte de Xestión do Solo de Galicia-Xestur será de 55.927,35 euros, tal e como se detalla no orzamento que acompaña a presente encomenda, elaborado conforme ao establecido no artigo 50 da Lei 16/2010, de 17 de decembro.

Por tratarse dun expediente tramitado como anticipado de gasto, regularase conforme a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, reguladora da tramitación anticipada de gasto, e a execución da encomenda quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas desta nos exercicios correspondentes.

6. No marco desta encomenda, corresponderánlle a Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A. as funcións enumeradas no prego de condicións técnicas que integra este expediente.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Asinado dixitalmente:

Director da Axencia Galega de Infraestruturas





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE

INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Edificio Administrativo San Caelano
15781 Santiago de Compostela
Tel.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
Correo-e: cim.infraestruturas@xunta.es

axi galicia

PREGO DE PRESCRIPCIONES TÉCNICAS DA ENCOMENDA DE XESTIÓN DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS A XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A. PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS (ANTICIPADO DE GASTO).

1. OBXECTO DO PREGO

O obxecto deste prego de prescripcións técnicas é determinar o contido e alcance, así como fixar as condicións técnicas que rexerán nos traballos derivados da encomenda de xestión da Axencia Galega de Infraestruturas (en adiante AXI) a Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. (en adiante, Xestur), para a realización de traballos técnicos.

2. ALCANCE E DESCRICIÓN DOS TRABALLOS OBXECTO DESTA ENCOMENDA

Constitúe o obxecto da presente encomenda a realización dos traballos de apoio técnico á AXI no desenvolvemento daquelas tarefas nas que a experiencia acumulada por Xestur na execución de obras permita complementar o traballo de persoal da AXI. En concreto, estas tarefas focalizaranse nos seguintes ámbitos:

- determinación e programación das actuacións derivadas dos diferentes instrumentos de planificación da AXI.
- elaboración de estudos, informes, proxectos, inspección, execución de actuacións e dirección de contratos competencia da AXI.

3.- DEFINICIÓN DA TERMINOLOGÍA DA ENCOMENDA

O Xefe de equipo, é o técnico responsable adscrito a Xestur, que ostentará a representación da mesma e centralizará o conxunto dos traballos obxecto desta memoria.

A Dirección da encomenda, será nomeada a tal efecto pola AXI. A dita dirección da encomenda será responsable do control e vixilancia da correcta realización das tarefas ás que se refire a presente memoria, establecendo criterios e liñas xerais de actuación, a fin de que os traballos sirvan da mellor forma aos intereses e obxectivos pretendidos coa encomenda.





4. PRAZO DE EXECUCIÓN DOS TRABALLOS

O prazo de execución será de 12 meses contados a partir do día 1 de xaneiro de 2019.

5.-ORZAMENTO

O proxecto aprobado pola AXI, establece un orzamento de execución de 55.927,35 euros.

De conformidade co artigo 7.8 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto do valor engadido establece que "non estarán suxeitos ao imposto os servizos prestados en virtude de encomendas de xestión polos entes, organismos e entidade do sector público que ostenten, de conformidade co establecido nos artigos 4.1.n) e 24.6 do Texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobada polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, a condición de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración pública encomendante e dos poderes adxudicadores dependentes do mesmo".

6.-MODIFICACIÓNES PREVISTAS DA ENCOMENDA

Non se prevén.

7.-FORMA DE PAGO DOS TRABALLOS

O aboamento dos traballos realizarase mediante pagos mensuais, segundo o orzamento que forma parte da documentación desta encomenda e logo da previa certificación emitida pola AXI. Nas certificacións, que deberán ser expedidas pola dirección da encomenda nomeada pola AXI, valoraranse os traballos realizados no mes ao que corresponda o pago.

8. MEDIOS NECESARIOS





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE

INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Edificio Administrativo San Caejano
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
Correo-e: cim.infraestruturas@xunta.es

axi
AXI - A Xunta de Galicia
Infraestruturas

galicia

Xestur dispón da estrutura e dos servizos técnicos suficientes para facerse responsable da organización e xestión dos traballos encomendados, así como da súa calidade técnica, para o que se compromete a aportar todo o persoal técnico preciso para a realización dos mesmos.

Este persoal dependerá exclusivamente de Xestur, que terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador, sendo a entidade encomendante allea as anteditas relacións laborais.

Incumbe especificamente a Xestur o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde no traballo.

En consecuencia, a presente encomenda non leva consigo ningún tipo de relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades derivadas dos traballos encomendados e a AXI, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento dos mesmos.

9. OBRIGAS DAS PARTES

No desenvolvemento dos traballos obxecto desta encomenda, a AXI realizará as seguintes funcións:

1. exercer a dirección e coordinación técnica no desenvolvemento das accións obxecto desta encomenda, para o cal designarase a un director técnico.
2. subministrar e facilitar, a través do citado director técnico, toda aquela información que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto desta encomenda.
3. participar na realización dos documentos de requírimientos técnicos.
4. aboar os custos dos gastos nos que Xestur incorra no desenvolvemento da presente encomenda, segundo se especifica no orzamento que acompaña á documentación desta encomenda.

Pola súa banda, Xestur realizará as seguintes tarefas:



1. designar a un xefe que asumirá a coordinación inmediata dos traballos e a dirección do persoal que Xestur asigne á realización dos mesmos; así mesmo, solventará, en coordinación co director técnico designado pola AXI, cantas cuestiós se estimen oportunas e necesarias para o cumprimento desta encomenda; así, Xestur aportará a súa propia dirección e xestión no desenvolvemento dos traballos e será responsable na organización do servizo. Xestur será, a través da persoa encargada designada, responsable de impartir ao seu persoal as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo e directrices de cómo distribuílo, así como de canalizar as posibles incidencias que xurdan na execución dos traballos.
2. manter á AXI puntualmente informada do desenvolvemento dos traballos, facilitando ao director técnico toda a información que solicite ao respecto.
3. achegar os medios dispoñibles de Xestur que sexan necesarios e suficientes para a execución da encomenda, os cales quedarán adscritos de modo estable e exclusivo ao desenvolvemento dos traballos durante a vixencia da presente encomenda.

10.-DIRECCIÓN DA ENCOMENDA

Xestur achega a súa propia dirección e xestión á encomenda a través do seu xefe de equipo, sendo responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados.

Non obstante, e aos efectos do seguimento e control dos traballos, a AXI nomeará unha dirección da encomenda, que desempeñará a supervisión do seu desenvolvemento, a fin de que os traballos sirvan da mellor forma aos intereses e obxectivos perseguidos pola entidade encomendante, ditando as directrices xerais oportunas a seguir durante a execución do servizo.

10.1.- Funcións da dirección da encomenda

A dirección da encomenda asumirá cantas funcións sexan necesarias en orde á súa misión de comprobación e vixilancia da correcta realización do servizo de acordo co establecido na memoria, e especificamente as seguintes:

1. Interpretar a presente memoria e demás condições establecidas na encomenda.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE

INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tel.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
Correo-e: clm.infraestruturas@xunta.es



galicia

2. Comprobar e esixir a existencia dos medios, organización, metodoloxía e demais cuestións necesarias para obter a correcta prestación do servizo.
3. Establecer as directrices xerais oportunas en cada caso, podendo requirir a Xestur a información que precise acerca do estado da execución do obxecto da encomenda, do cumprimento das súas obrigas, así como do cumprimento dos prazos e actuacións.
4. Dirixir instrucións a Xestur, sen prexuízo da dirección do servizo por parte de Xestur, sempre que non supoñan unha modificación do obxecto da encomenda nin se opoñan ás disposicións en vigor ou ás derivadas da memoria e demais documentos que correspondan.
5. Propoñer, no seu caso, as modificacións que conveña introducir na encomenda.
6. Asistir, no seu caso, ao acto de recepción e subscribir a acta de recepción ou documento que acredeite a conformidade ou desconformidade no cumprimento da encomenda.
7. Expedir a certificación dos traballos realizados segundo as condicións establecidas, os prazos de execución, o desenvolvemento da encomenda e o abono acordado.
8. Formular, no seu caso, a liquidación da prestación realizada.
9. Propoñer, no seu caso, a prórroga ou as prórrogas da encomenda.
10. Convocar as reunións que se consideren necesarias para a resolución de calquera incidencia que poida xurdir na execución da encomenda, informando desta incidencia no seu caso á AXI.

10.2.- Responsabilidades da dirección da encomenda

A dirección da encomenda e os seus colaboradores, no marco das súas respectivas funcións, serán responsables do adecuado cumprimento das súas funcións, así como das súas decisións e das omisións atribuíbles a eles.

A dirección da encomenda non será directa nin indirectamente responsable das consecuencias que se deduzan para a AXI nin para terceiros das accións, omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución da encomenda adoitadas por Xestur ou polo seu persoal nin das eventuais consecuencias de actuacións executadas pola AXI adoitadas con base en informacións subministradas por Xestur cando estas fosen inexactas.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE

INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Edificio Administrativo San Caelano
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
Correo-e: cim.infraestruturas@xunta.es



galicia

A dirección da encomenda tampouco será responsable do que, con plena responsabilidade técnica e legal, decida, controle, proxece, informe, calcule ou determine Xestur, a cal deberá dispoñer do persoal axeitado e cos coñecementos necesarios para a realización completa do traballo obxecto da encomenda.

10.3. Relacións entre Xestur e a dirección da encomenda

1. Durante a realización dos traballos obxecto desta memoria e que son parte esencial da encomenda, as relacións directas de Xestur, mediante o seu xefe de equipo, coa AXI, levaranse adiante a través da dirección da encomenda en canto se refire ao desenvolvemento da mesma.
2. Os contactos e reunións formais de Xestur con terceiros por razón do desenvolvemento dos traballos, deberán ser coñecidas pola dirección da encomenda por medio dos informes correspondentes elaborados por Xestur.
3. A AXI, os seus representantes e a dirección da encomenda terán en todo momento acceso ás oficinas e instalacións de Xestur, así como á documentación e arquivos referentes á encomenda, a fin de supervisar, inspeccionar e controlar a marcha e ritmo dos traballos ou para recoller os datos sobre o cumprimento do obxecto da encomenda.
4. Xestur deberá informar á dirección da encomenda sobre o desenvolvemento da prestación en canto aos traballos efectuados se así se estimase oportuno pola dita dirección e, cando así se requira por ela, celebrándose as reunións de traballo que se consideren necesarias.

11. RECEPCIÓN DOS TRABALLOS

Os traballos serán recibidos dentro do mes seguinte á finalización destes, para o cal asinarase a correspondente acta subscrita polo representante de Xestur, o director da encomenda, e no seu caso, a un representante da Intervención delegada da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.